



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

DILIGENCIA. - La pongo yo, secretario, para hacer constar, que el presente documento/plano, ha sido aprobado por RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA en sesión de fecha 29.04.2016 en Gondomar, 29 de XUNTO de 2016



BASES PARA UNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS TEMPORAIS COMO PROFESOR/A DE PIANO

Primeira.- Obxecto da Convocatoria. Ten por obxecto a elaboración dunha BOLSA DE TRABALLO PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS TEMPORAIS COMO PROFESOR/A DE PIANO, mediante o sistema de concurso-oposición:

Denominación do posto: Profesor/a de piano

Código: ---

Departamento de adscripción: Departamento de Educación

Tipo de Persoal: Laboral

Grupo: I

Nivel: 22

Xornada: O réxime de retribucións está en proporción coa xornada a tempo completo que é de 32,50 horas/semana.

Funcions ou tarefas: impartición da docencia asignada de piano.

A vixencia da bolsa que se constituía será de tres anos ou de menos no suposto de que houbera un novo procedemento selectivo para os postos de traballo de PROFESOR/A DE PIANO do Concello de Gondomar, momento a partir do cal a bolsa deixaría de ter vixencia. Dita vixencia empezará a computar a partir do remate da vixencia da bolsa constituída do procedemento selectivo para a elaboración dunha bolsa de traballo para a prestación de servizos temporais como PROFESOR/A DE PIANO celebrada no ano 2014.

A efectos do funcionamento das devanditas bolsas resultado do procedemento selectivo realizado no ano 2014 e da que resulte do presente procedemento selectivo, denominarase á primeira bolsa como "LISTA DE RESERVA A" e ao que derive do procedemento selectivo regulado nas presentes bases como "LISTA DE RESERVA B".

As funcións a desenvolver serán as propias da súa categoría profesional e estará dotada coas retribucións correspondentes ao seu grupo de titulación que figuran nos orzamentos municipais.

A relación xurídica que derive do procedemento selectivo será o réxime xeral do persoal laboral nos termos establecidos no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

As probas selectivas regularanse polas presentes bases, e o non previsto nelas, polo establecido no Real Decreto Legislativo 1/95, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei do Estatuto dos Traballadores; no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público; na Lei 7/85, de 2 de Abril, reguladora das bases de Réxime Local; no Real Decreto Legislativo 781/1986 polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime Local e no Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Segunda.- Natureza xurídica do persoal a seleccionar para a Bolsa de Traballo.

As probas selectivas regularanse polas presentes bases, e o non previsto nelas, polo establecido no Estatuto dos Traballadores, no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, na Lei 7/85, de 2 de Abril, reguladora das bases de Réxime Local; no Real Decreto Legislativo 781/1986 polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime Local; Lei 7/1995 de Administración Local de Galicia; Real Decreto 896/1991 e supletoriamente o Real Decreto 364/1995.




CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

... ENUNCIADA. - La pongo yo, secretario, para he
sonstar, que el presente documento/plano, ha s
aprobado... por RESOLUCIÓN DE ALCAL
en sesión de fecha 29.04.2016

Gondomar, 27 de JUNIO de 2016



O persoal da bolsa que se constituía como resultado do procedemento selectivo regulado nas presentes bases poderá ser nomeado persoal laboral interino, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, para o desenvolvemento de funcións propias de persoal laboral no posto de profesor de piano, sempre que se cumpra algunha das seguintes causas:

- Cando existan prazas vacantes e non sexa posible a súa cobertura por persoal laboral fixo/indefinido.
- Para a substitución transitoria do seus titulares.
- Para a execución de programas de carácter temporal.
- Por exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de 6 meses, dentro dun periodo de 12 meses.

O cese do persoal interino producirase, ademais de polas causas previstas no artigo 63 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento.

As retribucións serán as correspondentes ao persoal coa categoría de profesor/a de piano.

Terceira.- Sistema de selección. Establecése o sistema de CONCURSO- OPOSICIÓN.

Cuarta.- Requisitos dos/as aspirantes. Poderán tomar parte no procedemento selectivo os/as aspirantes que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser español/a. Os/as nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, das persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, e os extranxeiros con residencia legal en España poderán acceder nos termos establecidos no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público.
- Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade de xubilación forzosa na data en que remate o prazo para a presentación de instancias.
- Poseer a capacidade funcional para o desempeño das súas funcións
- Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento do traballo.
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- Estar en posesión, como mínimo, da titulación esixida pola LOE 2/2006, do 3 de maio, polo RD 303/2010, do 15 de marzo e polo Decreto 198/2007, do 27 de setembro, tanto para piano como para linguaxe musical ou en condicións de obter ámbalas dúas titulacións na data de remate do prazo de presentación de instancias, entendéndose que se está en condicións de obter os títulos académicos correspondentes cando se houberan aboado os dereitos para a súa expedición. No caso de titulacións obtidas no extranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación. As titulacións esixidas son as seguintes:

PIANO	
Titulación preferente (indistintamente)	Outras titulacións (indistintamente)
Título Superior de música, especialidade interpretación, itinerario piano (LOE)	Título Superior de Música, especialidade interpretación, itinerario piano jazz (LOE)
Título Superior de música na especialidade de Piano (LOXSE)	Título Superior de música na especialidade de jazz, instrumento principal piano (LOXSE)
Título de profesor superior, ou de profesor, de piano (Plan 1966)	Título Superior de música na especialidade de clave (LOXSE)
Título profesional de piano (Plan 1966)	Título de profesor superior, ou de profesor, de clave (Plan 1966)



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

AGENCIA. - La pongo yo, secretario, para hacer
constar, que el presente documento, ha sido
aprobado... por RESOLUCIÓN DE ALCALDE
en sesión de fecha 29.04.2016
Gondomar, 27 de XUÑO de 2016
SECRETARIO

Ter ingresado a taxa por participación en proceso selectivo. A taxa por participar no proceso selectivo será de 34,54 €, que se abonará dentro do prazo de presentación de solicitudes mediante ingreso ou transferencia na conta bancaria con IBAN: ES 17 2080 5035 07 3040011300 de Abanca, conta da que é titular o Concello de Gondomar.

Estes requisitos deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata momento da toma de posesion como persoal laboral. A acreditación dos requisitos anteriores realizarase coa aportación da seguinte documentación mínima, orixinal ou copia cotexada, que se achegará xunto coa solicitude presentada:

REQUISITO	DOCUMENTACIÓN
A)/B)	Copia cotexada do DNI, PASAPORTE E/OU PERMISO DE TRABAJO
C)	DECLARACIÓN XURADA (INCLUIDA EN MODELO NORMALIZADO DE SOLICITUDE)
D)	DECLARACIÓN XURADA (INCLUIDA EN MODELO NORMALIZADO DE SOLICITUDE)
E)/F)	DECLARACIÓN XURADA (INCLUIDA EN MODELO NORMALIZADO DE SOLICITUDE)
G)	TITULO OFICIAL, CERTIFICADO DE TITULACIÓN ACADÉMICA OU EQUIVALENTE
I)	XUSTIFICANTE DE TER INGRESADA A TAXA POR PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO

Quinta.- Instancias e admisión. As instancias solicitando tomar parte na oposición, nas que os aspirantes deberán manifestar, que reúnen todas e cada unha das condicións que esixe a base anterior, dirixiranse ao Presidente da Corporación e presentaranse no Rexistro xeral do Concello durante o prazo de dez días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no B.O.P. de Pontevedra, sen perxuízo da publicación do correspondente anuncio no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web municipal. Poderán tamén presentarse na forma que determina a Lei 30/92, de 26/11, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.


Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde-Presidente dictará resolución que será publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal, indicando a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, si é o caso, con causas de exclusión e coa indicación dun prazo de tres días hábiles para a presentación de reclamacións, subsanación de defectos e mellora de solicitudes nos termos definidos no artigo 71 da lei 30/92. As reclamacións que se presenten serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que será publicada de igual forma que a provisional, contendo a designación dos membros do Tribunal cualificador, o lugar, día e hora da primeira proba da oposición. Os sucesivos anuncios publicaranse do igual xeito (taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal). Os erros de feito poderán enmendarse en calquera momento, de oficio ou a solicitude do interesado.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

DECLARACIÓN. - La pongo yo, secretario, para hacer
constar, que el presente documento/~~plano~~, ha sido
aprobado por RESOLUCIÓN DE ALCALDE
en sesión de fecha 29.04.2016



Sexta.- Procedemento selectivo:

O proceso selectivo constará de dúas fases. Unha fase de concurso e outra fase de oposición. A cualificación final do proceso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na de concurso. A proporción de puntuación entre a fase de oposición e a fase de concurso será a establecida no artigo 56 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego de Galicia.

1.- FASE DE CONCURSO: O 40 por 100 da puntuación total poderá obterse na fase de concurso. Valorarase con un máximo de 40 puntos.

Concederanse:

- O 0,40 por cada mes traballado, e ata un máximo de toma en consideración de dez anos, por cada mes traballado como laboral ou funcionario/a ao servizo de calquera outra Administración local, como profesor/a de piano ou de linguaxe musical.
- O 0,25 por cada mes traballado, e ata un máximo de toma en consideración de dez anos, por cada mes traballado como laboral ou funcionario/a ao servizo de calquera outra Administración territorial ou institucional, como profesor/a de piano ou de linguaxe musical..
- O 0,15 por cada mes traballado, e ata un máximo de toma en consideración de dez anos, na empresa privada, como profesor/a de piano ou de linguaxe musical.

No caso de que a redución de xornada se produza debido aos supostos de conciliación de vida familiar e laboral recollidos na Lei de Función Pública de Galicia e no Estatuto dos traballadores o tempo traballado a tempo parcial computarase como se fose a xornada completa e a documentación xustificativa desta circunstancia deberá presentarse no momento de presentar a instancia, xa que do contrario non se valorará.

Os citados servizos, tanto na Administración pública como a favor de entidades privadas, referiranse en todo caso ás funcións propias das prazas que se van cubrir.

Os citados méritos valoraranse con referencia á data na que remate o prazo de presentación de instancias e acreditaranse por certificado da Administración pública no que se faga constar o posto desempeñado e as funcións así como o tempo traballado (no caso de servizos prestados en admón. pública), e no caso das entidades privadas a través do correspondente contrato debidamente selado na oficina de emprego correspondente ou copia compulsada, acompañado do certificado de vida laboral. No caso de pertencer a sistemas de previsión social distinto á Seguridade Social, certificación acreditativa da data dende a cal presta o servizo.

Non serán valorables os méritos que non se xustifiquen de acordo co previsto no parágrafo anterior.

O Tribunal poderá requirir a documentación e aclaracións necesarias a efectos de valoración nesta fase de concurso.

2.- FASE DE OPOSICIÓN: O 60 por 100 da puntuación total poderá obterse na fase de oposición. Valorarase cun máximo de 60 puntos. De carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes; consistirá en dous exercicios, un práctico e outro de coñecemento da lingua galega.

Primeiro exercicio: Práctico.(máx. 60 puntos)

a) Proba de interpretación (máx. 30 puntos):

Interpretación dunha peza de piano, que poderá constar dunha ou máis obras, ou movementos das mesmas, cunha duración aproximada de 3 minutos.

O Tribunal poderá dar por rematada a proba cando o estime oportuno.

Valoraranse aspectos tales como: precisión do texto, sentimento rítmico, agónicas, planos sonoros, calidade do son, equilibrio sonoro axeitado a cada pasaxe e textura, cores, dinámicas fraseo, expresividade, control do instrumento, control psicolóxico, conciencia musical da estrutura, interpretación estilística, memoria, etc.


En todo caso, o opositor facilitará ao tribunal copia da partitura.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

... para honrar, que el presente documento, ha sido
aprobado por RESOLUCIÓN DE ALCALDE
na sesión de fecha 29.04.2016



Dita proba calificarase con un máximo de 30 puntos, quedando eliminados os aspirantes que non acaden alomenos 15 puntos.

b) Proba docente (máx. 30 puntos):

Consistirá en impartir unha clase de piano a un alumno designado polo tribunal de calquera curso matriculados no conservatorio municipal, cunha duración máxima de 15 minutos. O Tribunal poderá dar por rematada a proba cando o estime oportuno.

Valoraranse aspectos como a comunicación, a relación co grupo, o uso de diferentes recursos e estratexias para conseguir un obxectivo sempre musical, así como outros aspectos que o Tribunal considere oportunos.

Dita proba calificarase cun máximo de 30 puntos, quedando eliminados os aspirantes que non acaden alomenos 15 puntos en total.

O primeiro exercizo no seu conxunto cualificarase de 0 a 60 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 30 puntos para superalo.

Segundo exercizo: Coñecemento da lingua galega.

Exercicio de carácter obrigatorio, aínda que o non superalo, non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, coa tradución dun texto do castelá ao galego durante un tempo máximo de 30 minutos. O tribunal poderá establecer, ou non, a lectura pública do texto que será comunicado antes da realización do exame.

Cualificarase de 0 a 2 puntos.

O aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de lingua galega que realice a Administración Autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou Organismo Autónomo competente) co fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos que se lles asignarán 2 puntos.

Sétima.- Tribunal cualificador

O tribunal cualificador estará integrado polos membros que sexan designados polo alcalde según o disposto no art. 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público. Estará integrado por un presidente, un secretario e, un mínimo de tres vogais designados en función da súa imparcialidade e profesionalidade, tendo a paridade entre homes e mulleres. Se nomearán suplentes para cada un dos membros do tribunal. Todos os seus membros deberán posuír unha titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para acceder ás prazas convocadas.

Todos os membros poderán ser recusados/as do xeito previsto no artigo 29 da Lei 30/1992 debendo absterse de actuar nos supostos comprendidos no artigo 28 do mesmo texto legal.

O nomeamento dos membros do Tribunal farase público no Taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web xunto coa relación de excluídos/as. O Tribunal non poderán constituírse nen actuar sen a asistencia de alomenos a metade máis un dos seus membros, sendo preciso en todo caso a asistencia do Presidente do Tribunal e do Secretario do mesmo.

O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan na aplicación das presentes normas así como os casos non previstos polas mesmas.

Todos os vogais deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas e, caso de non habelos procederá a nomear un representante que sí a posúa. Tamén poderán ser recusados da forma prevista no artigo 29 da Lei 30/1992 absterse de actuar nos supostos comprendidos no artigo 28 do mesmo texto legal.




CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

DECLARACIÓN. - La pongo yo, secretario, para ha
constar, que el presente documento/plano, ha s
aprobado..... por RESOLUCIÓN DE ACCA

na sesión de fecha 29.04.2016



A pertenza ao tribunal será sempre a título individual, non podendo ostentarse ésta en representación ou por conta de ninguén, en cumprimento do disposto no artigo 60.3 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público.

Oitava.- Calificación definitiva, relación de aprobados, constitución e funcionamento da bolsa de traballo para a prestación de servizos temporais como profesor/a de piano no Conservatorio de Música do Concello de Gondomar.

A puntuación final e a orde dos aspirantes aprobados que pasarán a constituir a BOLSA DE TRABALLO PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS TEMPORAIS COMO PROFESOR DE PIANO NO CONSERVATORIO DE MÚSICA DO CONCELLO DE GONDOMAR estará determinada pola suma das puntuacións obtidas polos/as candidatos/as que superen o procedemento selectivo na fase de concurso e na fase de oposición e confeccionada por orde de maior a menor puntuación.

O Tribunal someterá a aprobación do Sr. Alcalde-Presidente da corporación municipal a bolsa confeccionada nos termos anteriores. O Alcalde-Presidente dictará resolución, no prazo máximo de cinco días hábiles, que será publicada na web municipal, indicando a composición da bolsa e a orde na mesma.

Cando sexa necesario proceder a cobertura da praza de profesor de piano, nos termos establecidos no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público e na base segunda, procederase a formular os correspondentes chamamentos, previa fiscalización pola Intervención municipal e con indicación expresa das características do posto de traballo a cubrir interinamente e a causa que motiva o chamamento, ofertándose o mesmo ao candidato que figura ao primeiro lugar da bolsa que este pendente de chamar, enviándolle ao efecto un telegrama e dándolle un prazo de 48 horas para que acepte ou renuncie ao chamamento ofertado; así mesmo poderá realizarse o chamamento telefónicamente coa finalidade de acotar os prazos de cuxa realización deixárase constancia no expediente administrativo mediante dilixencia efectuada ao efecto polo/a funcionario/a encargado/a.

Se non recollese a comunicación expresa, equivaldrá á renuncia ao ofertado e procederase a chamar ao seguinte da lista.

Os/as aspirantes que renuncien expresamente a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados ao efecto, pasarán a ocupar un lugar no final da lista elaborada.

O candidato proposto para o seu nomeamento deberá aportar a documentación a que fai referencia a seguinte cláusula das presentes bases.

Novena.- Documentación a achegar polo seleccionado

O candidato proposto para o seu nomeamento deberá aportar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos contemplados na base terceira consistente nunca declaración xurada de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento da función, e a documentación actualizada acreditativa do cumprimento dos restantes requisitos, e en todo caso:

- DNI.
- Tarxeta da Seguridade Social.
- Número de conta bancaria.

Décima.- Incompatibilidades

A persoa que sexa nomeada como resultado do procedemento selectivo regulado nas presentes bases quedará suxeito ó réxime de incompatibilidades do sector público, conforme á normativa vixente.(Lei 53/1984 do 26 de decembro sobre incompatibilidades)

Décimo primeira.- Publicación e recursos procedentes.


Aos efectos de notificacións e publicacións relacionados co procedemento de selección regulado nas presentes bases, procederase mediante publicación na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios, sen perxuízo da publicación das presentes bases no B.O.P. de acordo co previsto nelas. No suposto de presentación de reclamacións non se suspenderá o



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875


constar, que el presente documento/plazo, ha sido
aprobado por RESOLUCIÓN DE ALCALDE
en sesión de fecha 29.04.2016
Gondomar, 29 de Xuño de 2016



prazo de presentación de instancias para a participación no concurso oposición e a selección non se demorará.

A presente convocatoria, e cantos actos administrativos se deriven dela, e da actuación do tribunal, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92 de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedimento administrativo común, así como na lei 29/98 da xurisdicción contencioso administrativa.

Gondomar, 12 de abril de 2016
O alcalde



Juan F. Ferreira González

